Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central –		
Número expediente:	Documento:	
AYT/XGL/16/2022	GOB16I08B	
4Y674Y140U1I1I3M0WE7		

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTEOITO DE ABRIL DE DOUS MIL VINTEDOUS

SRES/AS ASISTENTES: **SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:** MARIÁN FERREIRO DÍAZ **SRES/AS CONCELLEIROS/AS:** D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª ROMAN ROMERO FRANCO D/Dª MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª JOSE OREONA BRA D/Dª JOSE DAVID PITA BREIJO **SRA. INTERVENTORA XERAL:** D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ **SR. SECRETARIO XERAL:** D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do vinteoito de abril de dous mil vintedous, baixo a presidencia da Sra. A ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 .- **PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE PARA A PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LECTURA NAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA, PARA O ANO 2022.**.- Vista a proposta formulada que di asi: Visto o informe-proposta cuxa literalidade se transcribe a continuación:

"Asunto: Aceptación da subvención concedida pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, para o ano 2022

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Mª Yolanda Martínez García, en relación co asunto que se cita, emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES
Mediante Resolución de Alcaldía data 7 de febreiro de 2022, e posterior dación de conta da mesma en Xunta de Goberno Local de 10 de febreiro de 2022, apróbase solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade unha subvención por importe de 1.125,00 €, para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, para o ano 2022, que na memoria xustificativa de necesidade se denomina "Ler conta moito".

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

O cadro de financiamento inicial era o seguinte:

Importe do proxecto	*1.500,00 €*
Achega do Concello para o exercicio 2022 aplicación orzamentaria 3321.22799	*375,00 €*
Subvención solicitada (máximo 75 % do importe do proxecto)	*1.125,00 €*

No DOG de data 19 de abril de 2022 publícase a Resolución do 6 de abril de 2022 pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da orde de 20 de decembro de 2021, para a programación de actividades de dinamización da lectura para o ano 2022, concedéndoselle ao Concello de Narón unha subvención por importe de 829,78 €.

Atendendo ao importe concedido, o cadro de financiación será:

Importe do proxecto	*1.500,00€*
Achega do Concello con cargo á aplicación orzamentaria 3321. 22799	*670,22€*
Subvención concedida	*829,78€*

FUNDAMENTOS XURIDICOS

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local*
- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*
- *R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003*
- *Lei 9/2007, de 13 de xullo de Subvencións de Galicia*
- *R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais*
- *Bases de Execución do vixente Orzamento*
- *Orde do 20 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras desta subvención*
- *Resolución do 6 de abril de 2022 pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da orde de 20 de decembro de 2021.*

Por todo o exposto, a Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, informa á Concelleira Delegada de Cooperación no Ensino e Bibliotecas, para que propoña á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aceptar a subvención concedida pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade por importe de 829,78 €, para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, para o ano 2022

Segundo.- Aprobar o seguinte plan de financiamento definitivo:

Importe do proxecto	*1.500,00€*
Achega do Concello con cargo á aplicación orzamentaria 3321. 22799	*670,22€*
Subvención concedida	*829,78€*

Terceiro.- Existe crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 3321. 22799, para a achega municipal."

E unha vez fiscalizado coa toma de razón o informe transcrito pola Intervención municipal con data 22/04/2022 (ICO15I05B) o documento SSO16I0T9 do expediente ENS/6/2022, código proxecto 2022 300000 24, quen subscribe, Concelleira de Cooperación no Ensino e Bibliotecas (delegada por Resolución da Alcaldía de data 25/06/2019), **PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** que acorde:

- Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

F_FIRMA_96 F_FIRMA_4